



ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2017/19	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	10 de abril de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 20:03 ata as 20:54 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRÉS GARCÍA BASTÓN	SÍ
53171075C	EVA RODRÍGUEZ CALVAR	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	NON
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 3 de abril de 2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 3 de abril de 2017.

**Expediente 1661/2017. Proposta informe policial (renovación pasaxe permanente e cambio titular)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Nº REX: 396/2017

ASUNTO: RENOVACIÓN PASAXE PERMANENTE E CAMBIO DE TITULAR NA BAIXADA A PRAIA DE NERGA, Nº 87

Con relación ao escrito presentado por Dna. M.B.S., no que solicita renovación da placa e cambio de titularidade do pasaxe permanente.

Por parte da Policía non existe inconveniente en acceder o solicitado.

**Expediente 2095/2017. Proposta informe policial (pasaxe permanente na Avda. de Lugo)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Nº REX: 469 / 2017

Con relación o escrito presentado por D. B.G.B. no que solicita un pasaxe permanente na Avenida de Lugo na parte traseira do edificio nº 25, Cangas.

Informase que procede o solicitado polo interesado sendo o lugar da colocación deste na Avenida de Lugo, nº 49.



**Expediente 1726/2017. Proposta informe policial (pivotes entrada colexio de Aldán)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Con relación o escrito presentado por Dna. M.M.S., onde solicita pivotes para beirarrúa na entrada ao colexio Sagrada Familia de Aldán.

Visto, así mesmo, o informe da Policía Local con Nº REX: 432/2017, no que se indica o seguinte:

*"Por parte desta policía non existe inconveniente en autorizar o solicitado sendo a opción mas axeitada para aumentar a seguridade de peóns sobre todo na entrada e saída do colexio".*

A Xunta de Goberno Local, acorda dar traslado do presente acordo ao organismo de Portos de Galicia, por ser titular da vía en cuestión e por ter competencias sobre esta, para que adopte as medidas indicadas no informe emitido pola Policía Local.

**Expediente 425/2017. QUIOSCOS PRAIAS-2017**

**Non hai acordo**

**Motivo:** Ampliar documentación

Este punto foi deixado sobre a mesa, pendente de ampliación de documentación.

**Expediente 169/2017. Concesión administrativa de uso funerario**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por E.S.P. en data 20 de setembro de 2016, relativa a adquisición de un nicho no Cemiterio de Coiro.

Visto que a interesada procedeu ao aboamento da liquidación deste por un importe de mil douscentos sesenta e catro euros con vinte e catro céntimos (1.264,24 €).

Visto que se asinou por parte da Alcaldía o documento formalizador do contrato de concesión demanial de nichos no Cemiterio de Coiro.

Visto que reúne os requisitos para a súa adxudicación.

De acordo co exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar 1 nicho no BLOQUE E, PANTEÓN 7, LETRA B a Esperanza Sotelo Paredes.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao Gabinete da Alcaldía e ao interesado.



### Expediente 32/2017. Licenza urbanística de obras maiores

**EXPEDIENTE 32/2017 (Expte.: 26.257).**- Outorgar licenza de obra a M.C.L., con enderezo a efectos de notificacións en Travesía de Vigo 30,5º B, Vigo, para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Rúa Castiñeiras s/n, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto E.U.S. en data xaneiro de 2016, condicionado a presentar, antes do inicio das obras, oficio co nomeamento do director de execución da obras e de clasificación do contratista, proxecto de execución visado polo colexio oficial correspondente, a cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto a obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar ante o Catastro a modificación que expón a presente licenza. O presuposto de execución material ascende a 86.400 euros

Aceptase a cesión para viario público formalizada en escritura de cesión para viario formalizada perante a notaria M.J.L.E. o 28.03.2017, nº do seu protocolo 206, por unha superficie de 51,20 m2. Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das fronteiras de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 1.069,47 euros.

### Expediente 1584/2017. Licenza de obras

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1584/17 (Expte. 26.179).- A UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN SA, con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204 PB-Vigo, para no lugar de Liméns-Praia de Nerga-O Hío, conceder licenza de obras para executar unha canalización de 1105 metros para liña de media tensión proxectada e dúas saídas de baixa tensión, segundo o proxecto LMTS RBTS A NOVO CT PRAIA NERGA de data agosto 2015, vistos os informes favorables emitidos pola Deputación de Pontevedra de data 14.04.2016, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio-Servizo de Urbanismo de data 16.05.2016, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 26.11.2016, Instituto de Estudos do Territorio en data 18.12.2015, Consellería de Economía e Industria de data 12.01.2016 e informe do arquitecto municipal de data 14.03.2016, coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose empregar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei



9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

**Expediente 1932/2017. Licenza de obra**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1932/2017 (EXPEDIENTE Nº 25.734).- Tense por decaído do pedimento formulado por UNION FENOSA DISTRIBUCION SA, con enderezo en Travesía de Vigo, nº 204-PB-Vigo, para realización de obra en PS Sobreiriña-O Hío (Nº SDG: 248315040025) e acórdase o arquivo do expediente, de conformidade co art. 76.3 e 92 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación de data 2 de marzo de 2016.

**Expediente 2037/2017. Licenza primeira ocupación**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 2037/2017 (EXPEDIENTE Nº 18.270).- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR V.E.M.M. E M.P.B.B.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto pola arquitecta municipal, con data 11 de xaneiro de 2017, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a V.E.M.M. e M.P.B.B., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Montero Ríos, nº 19-2º-Cangas, para vivenda sita en rúa Colón, nº 3, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 18.167.

**Expediente 1903/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1903/2017 (EXPEDIENTE Nº 25.915).- Dáse conta da comunicación previa presentada por J.B.M., con enderezo a efectos de notificacións en Torrecedeira, nº 4-2ºM-Vigo, para obras consistentes en construción de galpón de 20,00 m2., no camiño da Ferruxiña-Aldán, de conformidade ca documentación incorporada ao expediente e o informe favorable da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 21.03.2017, para construción de galpón destinado a almacenamento de utensilios de xardín. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil setecentos cincuenta euros (2.750,00 €).



Concello de Cangas

**Expediente 1790/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 1790/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO SALGUEIRÓN, 1, titular do CIF: H-36.472.389, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Bueu, nº 23-25-Cangas, para obras consistentes en limpeza e impermeabilización de fachada de edificio sito no referido lugar, de conformidade coa documentación redactada pola arquitecta M.T.F.I. de data marzo de 2017. O presuposto de execución material ascende a seis mil cincocentos noventa e cinco euros con oitenta e oito céntimos (6.595,88 €).

**Expediente 911/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 911/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por IMPERNOSA SL, con enderezo a efectos de notificacións en rúa A Madalena, nº 112-Cangas, titular CIF: B-36182798, para a realización de obras consistentes en pintado de fachada de vivenda sita na rúa Fontenova, nº 24-O Hío, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil cento setenta euros (4.170,00 €).

**Expediente 1753/2017. Comunicación previa de obras**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 1753/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por O.O.B., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa do Gueo, nº 3-O Igrexario-O Hío, para obras consistentes en construción de galpón de 19,95 m<sup>2</sup>., para cenador e leñeira no lugar de rúa do Gueo, nº 3-O Igrexario, de conformidade ca documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil trescentos setenta e catro euros con cinco céntimos (2.374,05 €).

**Expediente 1864/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval para licenza de obras**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza en metálico depositada por M.Á.M.V., por

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

importe de trescentos euros (300,00 €), no expediente núm. 22.294, licenza de obras núm. 21.522.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

#### Expediente 2049/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de tres mil novecentos setenta e nove euros con trinta e seis céntimos (3.979,36 €) depositado pola empresa CIVIS GLOBAL SL, para a realización das obras “Reparación no mercado municipal”.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa interesada.

#### Expediente 2048/2017. Dación de conta de sentenza xudicial

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

SENTENZA 699/2016.- DACIÓN DE CONTA RECURSO DE APELACIÓN 4256-2016.- PO 117/2013 DITADA POLO T. S. X. GALICIA CON/AD SEC. 2

- A persoa recorrente: CONCELLO DE CANGAS.

- Contido: Desestímase o recurso de apelación interposto polo Concello de Cangas, contra a sentenza nº 50/2016, de 10 de marzo de 2016, do Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 3 de Pontevedra, ditada en autos de PO nº 117/2013, pola cal se declaraba nula de pleno dereito a licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local o 09.01.2008 a B.B.G., para a rehabilitación dunha vivenda no lugar da Retirosa.

- Impóñense as custas do recurso de apelación ao Concello, dentro do límite de mil (1.000,00 €), con relación aos honorarios do letrado da parte contraria.

- Sentenza firme.

#### Expediente 2022/2017. Certame de carteis Festas do Cristo-2017

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

D. Héitor Mera Herbello, concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, propón:

Que a Xunta de Goberno Local adopte o seguintes acordo:

PRIMEIRO.- Aprobación das bases do Certame Concello de Cangas de Carteis das Festas do Cristo-2017, que son as seguintes:

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



## BASES CERTAME CONCELLO DE CANGAS DE CARTEIS DAS FESTAS DO CRISTO-2017

1.- O obxecto deste certame é seleccionar o cartel para empregar na promoción das Festas do Cristo-2017, que organiza o Concello de Cangas. Neste certame poderán participar todas as persoas físicas ou xurídicas e poderán presentar, cada unha delas, cantas obras desexen, coa condición indispensable de que sexan orixinais, inéditas e non premiadas nin publicadas.

2.- Os orixinais serán de tamaño DIN A-3, en branco e negro ou cor. No caso de se presentaren deseños realizados en ordenador, xuntarase un CD co arquivo do cartel en formato TYF ou JPG.

3.- Os orixinais que se presenten, deberán incluír necesariamente os seguintes textos:

- FESTAS DO CRISTO 2017
- DO 25 DE AGOSTO AO 2 DE SETEMBRO
- CONCELLO DE CANGAS

4.- O prazo de entrega dos traballos rematará o día 16 de xuño de 2017. Deberán remitirse á CERTAME DE CARTEIS DAS FESTAS DO CRISTO, CASA DA XUVENTUDE-Rúa Real, nº 29-36940-CANGAS. No reverso do cartel deberá levar unha lenda que servirá, así mesmo, para identificar o sobre pechado cos datos persoais do autor/autora, co seu enderezo, teléfono e fotocopia do DNI, que debe achegar ao cartel. No caso de envialos por correo, o Concello de Cangas non se fai responsable de posibles danos, nin extravíos, como tampouco da súa devolución.

Os traballos non premiados deberán recollerse na Casa da Xuventude no prazo de 30 días naturais, contados desde a finalización da exposición dos traballos presentados. Os que non se recollan neste prazo pasarán a ser propiedade do Concello de Cangas. Os gastos de envío e devolución correrán por conta dos concursantes.

Os participantes asumen a responsabilidade derivada de plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente sobre dereitos de autor na que poidan incorrer cos traballos que presenten.

5.- Establécese un único premio de catrocentos (400,00 €) como gañador absoluto. O premio estará sometido á normativa fiscal que proceda aplicar.

6.- O xurado estará formado por diversas persoas cualificadas para exercer esta función en número impar e presidido polo concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística ou persoa en quen delegue. No caso de estimalo oportuno o xurado poderá declarar deserto ou compartido o premio, así como outorgar mencións especiais.

O fallo do xurado, que é inapelable, darase a coñecer o día 10 de xullo a través dos medios de comunicación e do taboleiro de anuncios do Concello de Cangas.

7.- O cartel gañador será o anunciador das Festas do Cristo-2017, en Cangas e pasará a ser propiedade do concello de Cangas, xunto co resto de carteis premiados con accésit, que posuirá, entre outros, os dereitos de reprodución, difusión e transmisión.

8.- O Concello de Cangas resérvase o dereito de organizar exposicións públicas con todos os carteis presentados ao certame, en local e datas que se determinarán.

9.- O xurado do certame terá competencias para resolver as dúbidas ou calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

10.- A participación neste certame supón a aceptación de todas e cada unha das súas bases.





## SOLICITUDE DE PABLO MARTÍNEZ ÁLVAREZ S/OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA PARA VENDA DE SANDÍAS E MELÓNS

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Examinado o escrito presentado o día 28.03.2017, por P.M.A., relativo á solicitude de autorización para a instalación temporal de caseta para venda de sandías e melóns en Rodeira, no período estival que vai do 1 de xuño ata o 31 de agosto do ano que andamos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, conceder autorización ó Sr. M.A., para a instalación de caseta destinada á venda de sandías e melóns, durante o período que vai do 1 de xuño ó 31 de agosto de 2017, cunha ocupación de 12,00 m<sup>2</sup>., no lugar de Rodeira que lle sinala a concelleira delegada de Servizos, condicionada a presente autorización a previo acordo de cambio de situación dos colectores do lixo, así como, á obtención de autorizacións preceptivas.

A autorización da instalación deberá condicionarse ás seguintes:

### CONDICIÓNS

- a) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación con caseta para venda de sandías e melóns en Rodeira. Prohíbese calquera outro destino.
- b) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pagamento da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.
- c) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.
- d) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo/s beneficiario/s da autorización.
- e) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio de administracións públicas.
- f) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.
- g) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 31 de agosto de 2017.
- h) Calquera cesión que se realiza ou negocio similar require previa autorización municipal.
- i) As causas de extinción serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 do prego de condicións que rexe a autorización de ocupación do dominio público local de Cangas para a tempada de verán do ano 2017.
- j) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.
- k) No non previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio de administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais e demais normativa aplicable.



**SOLICITUDE DE LARA GIMÉNEZ DE CEA S/AUTORIZACIÓN PARA REALIZACIÓN DE RASTRO DE ANTIGÜIDADES**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Examinado o escrito presentado o día 28.03.2017, por L.G.C., relativo á solicitude de autorización para a realización dun rastro de antigüidades na Alameda de "Xardíns do Señal", para o domingo 1 de agosto do ano que andamos, cun horario de 9,00 a 21,00 horas, cunha ocupación de 60,00 m2.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda conceder autorización á Sra. G.C., para a realización dun rastro de antigüidades na Alameda de "Xardíns do Señal", para o domingo 1 de agosto do ano que andamos, cun horario de 9,00 a 21,00 horas, cunha ocupación de 60,00 m2., no lugar que lle sinale a concelleira delegada de Servizos, condicionada a presente autorización ao pagamento das taxas correspondentes que lle liquide o departamento de Xestión de Ingresos Municipal.

**ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS TÉCNICOS E XURÍDICOS PARA O CONCELLO DE CANGAS Á EMPRESA "JURISLOCALIA CONSULTORES SLP", DO GRUPO "GONZALO ABOGADOS"**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada por IURISLOCALIA CONSULTORES SLP, do grupo GONZALO AVOGADOS relativos á taxa por ocupación do dominio público local, o que supoñerá un ingreso substancial para este Concello, e en atención ás facultades previstas no art. 21.1.k) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/03 de 16 de decembro de medidas para a modernización do Goberno Local, dadas as facultades para a contratación atribuídas ao Alcalde, e tratándose en todo caso dun contrato menor, conforme ao Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público no seu art. 138.3, que non require licitación, e demais de xeneral e pertinente aplicación,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**Primeiro:** Encomendar aos servizos técnicos e xurídicos de Iurislocalia Consultores SLP, do grupo Gonzalo Avogados, a implantación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do Dominio Público Local das empresas de subministración do sector da enerxía que consistirá en:

(i) Confección da Ordenanza Fiscal axustada ao municipio.

(ii) Confección das tarifas da taxa.

(iii) Confección do Estudo técnico-económico-xurídico preceptivo para a aplicación da taxa, asinado tamén por un Enxeñeiro Superior Industrial.



(iv) Resolución de alegacións á aprobación provisional da Ordenanza Fiscal.

(v) A supervisión do modelo de notificación que no seu día elabore o Concello antes de remitir ao suxeito pasivo pagador da taxa.

(vi) Asesoramento en toda a tramitación da Ordenanza Fiscal ata a súa publicación definitiva no BOP.

**Segundo:** Aceptar o orzamento de honorarios, que ascende a 3.000 euros máis IVE, dentro dos límites de contrato menor e carecendo o Concello de servizos xurídicos propios especializados na materia, autorizando o pago a Iurislocalia Consultores SLP dos honorarios fixados, mediante:

1) Pago único de 3.000 euros máis IVE coa adopción do presente acordo, previa presentación da correspondente factura) por transferencia bancaria á conta de Iurislocalia Consultores SLP É78 2100 0508 0502 0062 3363.

2) Un 15% da cantidade correspondente á primeira cota tributaria o cal farase efectivo cando o Concello cobre a mesma o primeiro ano de forma proporcional ás diferentes liquidacións que poida haber. A tal fin, deberase informar a este Despacho no prazo dun mes de cada cobro para o xiro da correspondente factura. Nunca superará noso cobro o importe do contrato menor.

**Terceiro:** O Informe técnico económico e xurídico que se facilitará a este Concello está rexistrado no Rexistro da Propiedade Intelectual de España como obra científica. Co obxecto de preservar a Propiedade Intelectual dos traballos realizados por Iurislocalia Consultores SLP, o Concello non poderá ceder copias dos traballos a terceiros. Debido a que non se coñece o resultado final de toda a tramitación administrativa do presente encargo, encomendarase tamén a devandito Bufete a defensa letrada das posibles impugnacións que puidesen darse por parte do suxeito, ou suxeitos pasivos, xa fose respecto de a Ordenanza Fiscal ou á aplicación da Liquidación. No caso de que resultasen impugnadas xudicialmente as liquidacións da taxa que resulten de aplicar as novas tarifas que se aproben, encargarase así mesmo a Iurislocalia Consultores SLP, a defensa dos intereses deste concello, na forma legal que corresponda segundo o Real Decreto 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

**Cuarto:** Facilitarase a dita Asesoría Xurídica os datos precisos para a confección do Estudo Técnico-Xurídico-Económico que soliciten para o cálculo pormenorizado do valor dos aproveitamentos do dominio público conforme á Lei das Facendas Locais e que comprenderán as tarifas a aplicar.

**Quinto:** Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da de adopción do presente acordo, requiríndolle para que presente a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da personalidade xurídica do empresario
- Documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Sexto:** De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de carácter persoal e demais disposicións vixentes, este Concello queda informado de que os datos facilitados, así como os que nun futuro puidese facilitar, serán tratados e recolleitos nun arquivo denominado “CLIENTES”, responsabilidade deste despacho, debidamente inscrito no Rexistro Español de Protección de Datos, co único fin de xestionar a relación profesional entre ambas partes. Así mesmo queda informado da posibilidade de exercer, en calquera momento, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a devanditos datos nos termos e cos requisitos previstos na normativa sobre protección de datos vixente.



Concello de Cangas

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850